

CARREIRA EXTRAORDINARIA E ORDINARIA: ADIADAS ATA O 17 SETEMBRO AS MESAS DE NEGOCACIÓN COMISIÓN PERSOAL 17 XULLO DE 2025

Antes de iniciarse a reunión da Comisión de persoal, **recibimos comunicación de adiamento das Mesas Xeral de Persoal Funcionario e Sectorial**, convocadas a continuación da Comisión de Persoal, a Dirección Xeral de **Emprego Público e Administración de Persoal** refire que atende así a petición de todas as organizacións sindicais de adiar a carreira ordinaria, e como a extraordinaria entroncará coa ordinaria, quere tratar as dúas propostas conxuntamente.

UGT entende que podía seguir avanzando coa carreira extraordinaria aínda que se contemple o entronque e se reitere por parte da administración que os efectos económicos, en todo caso, son dende o 1 de xaneiro de 2025: tamén o sindicato que non comparte o modelo demanda que se siga cos puntos que lle faltan por acordar os outros sindicatos.

Proposta de resolucións de procesos selectivos

- Acceso libre e promoción interna, oposición, subgrupo A1, escala de ciencias, especialidade de ciencias do mar.
- A1, escala de profesores numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros, especialidades de pesca marítima, bioloxía pesqueira, navegación marítima, máquinas e instalacións mariñas, inglés marítimo, formación e orientación laboral e procesos sanitarios
- Acceso libre, oposición, subgrupo A2, escala de mestres de taller de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros, especialidade de máquinas e produción.
- Acceso libre e promoción interna, concurso-oposición, para o ingreso na categoría 100 do grupo 111 do persoal laboral da Xunta de Galicia, Bombeiro/a forestal xefe/a de brigada.
- Acceso libre e promoción interna, sistema de concurso-oposición, para o ingreso nas categorías 14 (Bombeiro/a forestal) e 14A (Bombeiro/a forestal condutor/a) do grupo V do persoal laboral da Xunta de Galicia.

Nas OPE de SPIF, UGT valora que se estimaron algunhas alegacións como o 60-40, exame e concurso, e os 6 meses ata o primeiro exercicio, pero discrepa no seguinte: no grupo III o **requisito non pode ser técnico ou técnico superior**, para o acceso a xefe de brigada debes ser superior, field test para proba física, e as alegacións do sindicato sobre fase de concurso, formación e galego eran máis acaída que a proposta da administración.

UGT leva tempo solicitando cambiar, con carácter xeral, o sistema de proceso selectivo de oposición polo sistema de concurso oposición e negociar un novo modelo de promoción interna que faga posible exercer ese dereito de forma efectiva ao persoal empregado público. **Non se acepta abrir esta negociación e se presentan sucesivas propostas de Resolucións de convocatorias co sistema selectivo de oposición, sen máis debate.**

Estas propostas de Resolucións se proclaman aprobadas pola DXEPAP sin contar co voto favorable de ningunha organización sindical da Comisión de Persoal.

Varios

- ✚ **Acordos de condicións de traballo persoal non docente e de medio ambiente comprometidos logo dos de política social e SPCIF.**

A consellería de educación refire que ata que non rematen todos os procesos da lei 20/2021 non valorará si son ou non necesarios. UGT entende que había un compromiso de Comisión de Persoal e que nos outros ámbitos non rematou a lei 20/2021 e xa se negociou, polo tanto é un trato discriminatorio.

- ✚ **Toma de posesión de enxenerías: publicouse elección de destino** sen data de toma de posesión, non figuran na cronoloxía do mes de xullo, están nunha situación que urxe resolver coa toma de posesión.

Respostan que non é posible aplicar medidas cautelares unha vez feitas e publicadas as elección de destino e que eses postos xa non son retirables con medidas cautelares. **Data de toma de posesión saírá en xullo.**

- ✚ **Concurso escalas xerais:** non aportan datas de previsións

- ✚ **Outros procesos e publicación:**

Concurso de **Escalas de persoal facultativo:** 22 de xullo.

Funcionarización grupos II, III e IV Decreto 367/2006: 23 de xullo

Listas provisionais de admitidxs e excluídxs **arqueólogos:** 23 de xullo

- ✚ **Abono do 0,5% de atrasos do Acordo estatal asinado por UGT**

Non sabe a data que sae no DOG pero asegura que abonarán atrasos dende o 1 de xaneiro de 2025 coa nómina de xullo que actualiza xa coa subida, e no mes seguinte os atrasos de 1 de xaneiro a 31 de decembro de 2024.

